



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS AO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE DIRECCIÓN E ASESORÍA XURÍDICA DO CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPTE. 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009.

En cumprimento do establecido na base 11.1 das que rexen o procedemento de selección número 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009, convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller, incluída na modificación 1 da oferta de emprego pública extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, faise público que o Tribunal encargado da realización das probas, na sesión realizada o 1 de abril do 2026, adoptou os seguintes acordos:

«**Primeiro.** Desestimar as alegacións ás seguintes preguntas polos motivos que se indican:

1. Pregunta 25. O enunciado da pregunta refírese aos servizos sociais comunitarios de maneira xeral, sen distinguir entre básicos e específicos, e sen referirse a un artigo concreto da Lei de servizos sociais. Ambas respostas inclúen características propias dos servizos sociais comunitarios.

2. Pregunta 69.

- Á marxe da dicción literal do artigo 94.1.e), non se pregunta expresamente sobre el, senón que a formulación da pregunta é xenerica xa que menciona “en relación coa autorización de residencia temporal de familiares de persoas con nacionalidade española” e fai unha reseña aos artigos 93 e seguintes do Real decreto 1155/2024, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración.
- O apartado c) non é un enunciado incorrecto, xa que non contén ningún erro con respecto ao contido do artigo de referencia.
- A expresión aclaratoria “sempre que non recaera acordo ou declaración de nulidade do vínculo matrimonial, ou divorcio, ou se cancelara a inscrición rexistral” que contén o apartado e) do artigo 94.1 non modifica a validez do enunciado xa que se existe acordo ou declaración de nulidade ou divorcio ou cancelación rexistral da parella, o cónxuxe ou a parella de feito perdería tal consideración e, en todo caso, así se debería indicar na súa denominación (excónxuxe, exparella).
- O carácter de condicionantes esenciais que refire a interesada débese predicar da esixencia de que eses ascendentes vivan ao seu cargo e carezan de apoio familiar en orixe ou ben que concorran razóns humanitarias.
- A resposta válida é a b) porque si contén claramente un dato incorrecto no seu enunciado: 21 anos de idade en lugar de 26 como refire literalmente o artigo.

3. Pregunta 17. O artigo 40.2 da Lei 39/2015 recolle a regra xeral de como deben realizarse as notificacións e a alegante estase a referir ás excepcións a esta regra xeral. A maiores o artigo 35 da mesma Lei recolle a listaxe dos actos administrativos que deben ser motivados obrigatoriamente o que implica a sensu contrario a existencia de actos administrativos válidos, e polo tanto notificacións nas que non consta a motivación.

Segundo. Estimar as seguintes alegacións e en consecuencia anular as preguntas que se indican:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

1. Pregunta 82. Anúlase porque tanto a opción b) como a c) son válidas: o apartado b) non é unha previsión do artigo 178 porque a pena de prisión non se corresponde con 1 a 4 anos senón con 1 a 5 anos; e a c) non é unha previsión do artigo 178 senón do 181.

2. Pregunta 15. Anúlase por haber dúas respostas correctas.

Terceiro. Estimar as seguintes alegacións e en consecuencia modificar a resposta correcta no sentido que se indica:

1. Pregunta 27. A resposta correcta é a b).

2. Pregunta 44. A resposta correcta é a a).

3. Pregunta 52. A resposta correcta é a b).

4. Pregunta 99. A resposta correcta é a a).

Cuarto. Modificar o cadro de respostas correctas do 1º exercizo da fase de oposición en atención ao recollido nos apartados segundo e terceiro e facelo público mediante a súa publicación Taboleiro electrónico do Concello e no edificio do Centro Social.

Quinto. Modificar a corrección dos exercizos realizados en atención ao recollido nos apartados segundo e terceiro e valorar as preguntas de reserva 101 e 102 e, en consecuencia, outorgar as seguintes puntuacións no primeiro exercizo da fase de oposición ás persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo convocado por Decreto do Alcalde 1.041/2024, do 21 de outubro, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller, incluída na modificación 1 da oferta de emprego pública extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que se personaron á realización da proba:

Nº	APELIDOS E NOME	PREGUNTAS NC OU ERRONEAS	PREGUNTAS CORRECTAS	PUNTUACIÓN EXERCICIO
1	CASTRO RAMALLAL, VANESA.	41.00	59.00	59.00
2	MIGUEZ PEREIRA, SILVIA.	25.00	75.00	75.00
3	RAMOS BOO, ISABEL.	22.00	78.00	78.00

Sexto. Outorgar as seguintes puntuacións finais ás persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller, incluída na modificación 1 da oferta de emprego pública extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ordenadas de xeito decrecente en función da puntuación total obtida:

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTOS FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN PONDERADA FASE CONCURSO	PUNTOS FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN PONDERADA FASE OPOSICIÓN	TOTAL
1	RAMOS BOO, ISABEL.	100.00	40.00	78.00	46.80	86.80
2	MIGUEZ PEREIRA, SILVIA.	100.00	40.00	75.00	45.00	85.00
3	CASTRO RAMALLAL, VANESA.	10.00	4.00	59.00	35.40	39.40

Sétimo. Formular proposta de nomeamento a favor de dona ISABEL RAMOS BOO, con documento nacional de identidade ***4847**, ao ter obtido a maior puntuación no concurso-oposición convocado para a



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

cobertura dunha (1) praza de de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller incluída na modificación 1 da oferta de emprego pública extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Oitavo. Establecer a seguinte lista de reserva para os efectos do establecido nas bases 11.3 e 12.2 das que regulan o presente procedemento e, asemade, bolsa de emprego regulada nas bases 13 e 14:

Posto	APELIDOS E NOME	PUNTUACION		
		CONCURSO	OPOSICIÓN	TOTAL
1	MIGUEZ PEREIRA, SILVIA.	40.00	45.00	85.00
2	CASTRO RAMALLAL, VANESA.	4.00	35.40	39.40

Noveno. Facer público os acordos anteriores mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no da Casa do Concello e requirir á candidata proposta para nomeamento para que no prazo de 3 días naturais presente a documentación que se relaciona na base 11.2.»

O presidente do Tribunal

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Juan Manuel Molares Agrelo